



BANDO

En cumprimento do establecido na lexislación vixente e ordenanzas municipais en vigor, e en uso das atribucións que a Lei 7/85 de 2 de abril, me confire

DISPOÑO:

Que todos os propietarios de predios rústicos ou urbanos no termo municipal de Ferrol deberán realizar, no prazo máximo **DUN MES** dende a publicación deste Bando, os traballos de limpeza e roza necesarios para manter as súas propiedades nas condicións establecidas no artigo 9 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e na Lei 3/2007 do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Así mesmo, deberán proceder ao aliñamento das sebes e árbores que invadan a vía pública, para permitir a normal circulación de peóns e vehículos, ou invadan o espazo ocupado por instalacións da iluminación pública.

Todas as plantacións forestais linderas coas vías de titularidade pública deberán respectar as distancias mínimas seguintes dende o bordo máis próximo da vía:

- A) Camiños: 3 metros
- B) Estradas: 6 metros

De existir gabia ou estrutura similar, a distancia será medida a partir do bordo destas máis próximo á plantación.

No caso contrario, tras o inicio de expediente, estes traballos poderán ser realizados subsidiariamente polo Concello, e practicaráselles ás persoas propietarias a liquidación correspondente, ou ben poderán ser sancionados con multas coercitivas de 300 a 6.000 euros, reiterables ata lograr a execución do ordenado.

Ferrol, 18 de xaneiro de 2012

O Alcalde

-José Manuel Rey Varela-



BANDO

En cumprimento de lo establecido en la legislación vigente y ordenanzas municipales en vigor, y en uso de las atribuciones que la Lei 7/85 de 2 de abril, me confiere

DISPONGO:

Que todos los propietarios de predios rústicos o urbanos en el término municipal de Ferrol deberán realizar, en el plazo máximo de **UN MES** desde la publicación de este Bando, los trabajos de limpieza y desbroce necesarios para mantener sus propiedades en las condiciones establecidas en el artículo 9 de la Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística y Protección del Medio Rural de Galicia, y en la Ley 3/2007 de 9 de abril, de Prevención y Defensa contra los incendios forestales de Galicia.

Asimismo, deberán proceder al alineado de los setos y árboles que invadan la vía pública, para permitir la normal circulación de peatones y vehículos, o invadan el espacio ocupado por instalaciones de alumbrado público.

Todas las plantaciones forestales lindantes con las vías de titularidad pública deberán respetar las distancias mínimas siguientes desde el borde más próximo de la vía:

- A) Caminos: 3 metros
- B) Carreteras: 6 metros

De existir alcorque o estructura similar, la distancia será medida a partir del borde de estas más próximo a la plantación.

En caso contrario, tras el inicio de expediente, estos trabajos podrán ser realizados subsidiariamente por el Ayuntamiento, y se les practicará a las personas propietarias la liquidación correspondiente, o bien podrán ser sancionados con multas coercitivas de 300 a 6.000 euros, reiterables hasta lograr la ejecución de lo ordenado.

Ferrol, 18 de enero de 2012

EL alcalde

-José Manuel Rey Varela-

